

## No dioivo

Rosa Aneiros

Alzou os ollos e a contrariedade atravesou como un lóstrego as súas meniñas. O ceo azul que deixara ás súas costas antes de entrar na perruquería cedera o paso a unha cachoeira de auga. Ducias de miradas atónitas cabreadas incomodas fitaban a praza dende o abrigo ventoso dos soportais. As treboadas sacudían o serán dende había xa máis de nove días naquel verán chuvioso. A humidade pegábase á pel con tanta forza coma a suor de agosto cando nenos, toallas, merendas e caldeiros de plástico atravesaban o areal na busca diso que alguén deu en chamar vacacións. Ela fitaba o ceo cun rostro cada vez menos cabreo e cada vez máis melancolía.

Dous mozos agarráronse as mans e botaron a correr. Unha axada de vento e auga abateunos no asfalto e eles detivéronse no medio da praza. Estaban calados de auga ata os ósos. Fixouse nas súas cabezas. A rapaza tiña unha longa melena negra pegada á cara. Os rizos diluíanse sobre as súas costas e pincelábanlle a cintura. O mozo afastaba o floco de diante das pálpebras para poder bebela sen estorbos. E só aquela ollada en que se consumiron valeu para escampar a tarde nos ollos abraizados de quen os enxergaba. Abrazáronse durante segundos e el acariñáballe o pelo con dedos engurrados de humidade e paixón. Ela, a que espreitaba dende a barreira taurina do soportal, levou instintivamente a man á cabeza. Só atopou a textura árida da laca e confundiu aquel tacto coa friaxe dun arrepío. Non paraba de chover. A quen se lle ocorre saír sen paraugas coa certeza da treboada espetada no calendario de cada tarde. A quen. Pousou as bolsas do supermercado no chan e sacudiu os dedos sen a penas circulación. Ía ser hora de recoller o máis pequeno nas clases de música e non conseguía sequera chegar a casa. Aquela maldita choiva. Fixo reconto mental da compra e deuse de conta de que esquecera o chocolate para as merendas dos pícaros. Tres fillos e dezaseis preocupacións máis tarde dunha voda tantas veces soñada, só lle quedaba a frustración dunha *tableta nestlé* no fondo das bolsas da compra. Iso e a laca da cabeza acabada de peitear.

Outro intrépido decidiu cruzar a praza con tan mala sorte que bateu nunha fochanca de cheo. A auga espreguizou nos seus pantalóns vaqueiros e chegoulle ao bico. Aquel home perdeuse na neboeira e quen sabe se chegou ao coche ou tivo que se deter para buscar as chaves baixo a treboada. Ela agarrou as bolsas de novo disposta a se mergullar na tempestade pero parou outra vez. Tamén esquecera os melocotóns en xarope. Unha muller ben máis nova ca ela botou unha carreira pero ceou antes de alcanzar as escaleiras. Cando se volveu meter no soportal entre xuramentos xa tiña a chave do piso nas mans para se mudar de roupa. Entón ela acariñou de novo a cabeza acabada de saír da perruquería e deu un paso adiante. A auga corría a caldeiros. Se, total, ninguén se decatara de que pasara dúas horas entre bafos de vapor e revistas sen corazón, aturando o ruxerruxe das débedas pendentes, acuguladas dende aquel día en que firmara un pacto co insomnio durante o parto da filla máis vella. Arroíaba. Baixou o pé esquerdo ao asfalto e unha axada de aire molloulle o rostro. Nin se fixarían no tinxe, e moito menos nas mechas ou no corte á navalla. Esquecera tamén a salsa de tomate. Diso si se darían de conta. De súpeto, alguén atravesou a praza como unha faísca fumegante. De primeiras non o recoñeceu, pero a pucha vermella delatouno como un vello coñecido. Correu decidido ao seu carón, mollado de pé e perna. Ela ficou inmóbil aferrada ás bolsas do supermercado e fitouno cos ollos arregalados.

-Avoa, veña, hai que ir para casa. Chove.

Levaba dez minutos ancorada naquel soportal, contemplando chover.

-Estás guapa, avoa, cortaches o pelo. Vamos, que empeza Shin Chan. Hai que ir para casa.

Non lle deu tempo a contestar cando unha man miúda e xélida lle agarrou a bolsa da compra. Foi atrás del sen importarlle o seu peiteado de perruquería e deixou que o dioivo lle arremuiñara o pelo na caluga. Chovía tanto, as pucharcas eran tan fondas e as zarrapicaduras tan fortes que o neno non escoitou cando ela se parou de súpeto e berrou dende o medio da praza:

-Meu rei ¿e logo, ti quen es?